



Parte da proba de acceso substitutiva da ESO para ensinanzas artísticas/deportivas

Materia: Lingua Galega

Grao	MEDIO	Data	06/07/2023	DNI/NIF	
Alumno/a					
Cualificación					

INSTRUCCIÓN

Formato

A proba consta de dous exercicios, cun total de trece preguntas, distribuídas da seguinte maneira:

- **Primeiro exercicio.** Consta de doce preguntas con tres posibles respostas das que só unha é correcta. Organízanse en tres bloques: bloque A, composto por tres preguntas relacionadas coa lectura comprensiva dun texto; bloque B, composto por catro preguntas referidas a coñecementos lingüísticos; e bloque C, composto por cinco preguntas, das cales tres están referidas a aspectos literarios e dúas ao grupo de contidos curriculares de "Lingua e sociedade".
- **Segundo exercicio.** Consta dunha única cuestión que require a elaboración dun texto escrito por parte das persoas candidatas.

Puntuación

Total: 10 puntos.

Puntuación. Valorarase con 0,5 puntos cada resposta correcta do primeiro exercicio da proba, até un máximo de 6 puntos. Non haberá penalización en caso de erro. A pregunta de produción textual do segundo exercicio estará valorada cun máximo de 4 puntos.

Duración

A proba terá unha duración de sesenta minutos (1 hora).

Procedemento

As respostas ás cuestións tipo test indicaranse debidamente na táboa final de solucións.

Materials ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Só se poderá utilizar bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.

Exercicio 1

Texto

Proxecto "Ao Son da Nosa Música"

80% da rapazada nunca, ou case nunca, escoita música en galego

Unha enquisa a máis de 1.000 escolares de 20 centros de ensino de diferentes partes de Galiza mostra como a lingua propia é a gran ausente na música que escoitan.

- 5 A música en galego vive unha idade de ouro. O idioma está presente a través de dúcias e dúcias de conxuntos e solistas nunha moi ampla variedade de estilos e, ao tempo, hai artistas e grupos que acumulan galardóns e recoñecemento mesmo alén do Padornelo.

- 10 Porén, "Ao Son da Nosa Música", un proxecto socio-educativo de Manolo Maseda e Martiño Ramos, profesores de música no ensino público; vén mostrar a outra cara da moeda: a rapazada galega apenas consume música en galego. Ambos os dous profesores impulsaron unha enquisa realizada a máis de 1.000 escolares de Galiza de 20 centros diferentes.

- 15 Unha enquisa que revela "a práctica desaparición do idioma galego entre os seus hábitos de consumo musicais", segundo indican nunha nota de prensa. "Un 80% confesa que nunca -ou case nunca- escoita música en galego. Máis do 50% nunca asistiu a un concerto de música en lingua galega na súa vida e un 40% do alumnado enquisado non coñece ningún artista ou grupo que cante en galego".

"A enquisa puxo especial fincapé na presenza da lingua galega na música que escoitan, poñéndose en evidencia unha dramática e alarmante realidade. É destacable a presenza maioritaria do castelán como lingua vehicular no ensino musical, tanto dentro dos centros educativos como nos diferentes ámbitos de formación", indican.

- 20 **Quen?**

Guadi Galego, Sés, Tanxugueiras ou a Banda da Loba son as artistas máis coñecidas pola rapazada enquisada. En canto aos estilos: o Pop, o Reggaetón e o Rap son os xéneros preferidos das adolescentes, cun 64%, 53% e 44% respectivamente.

Hábitos

- 25 En relación aos hábitos de consumo de música, un 62% nunca mercou música. Entre o 38% que si o fixo un 45% investiu en música en castelán, un 35% música en inglés e tan só un 17% asegura que mercou música en galego.

Os medios dixitais a través dos que escoitan música son: YouTube destácase como o máis empregado cun 86%, seguido por Spotify cun 74%, TikTok cun 52% e a radio cun 35%.

- 30 Así mesmo, revélase que as redes sociais, a partir dos 13 anos, son a maior influencia na formación do gusto musical, seguida de preto do grupo de amizades.

Adaptado de nosdiario.gal, 01/12/2021 (Redacción)

Indique a resposta correcta

A/ Comprensión escrita

1. Cal é o asunto central do texto?
 - a) A información relativa aos resultados dunha enquisa sobre o consumo de música entre a cidadanía galega que evidencia o escaso coñecemento da música feita en galego.
 - b) A información relativa aos resultados dunha enquisa sobre o consumo de música entre a rapazada galega que evidencia o escaso número de rapaces e rapazas que mercan música.
 - c) A información relativa aos resultados dunha enquisa sobre o consumo de música entre a rapazada galega que evidencia o pouco que escoita música en galego.
2. Indica cal dos seguintes enunciados é o correcto:
 - a) A maioría da rapazada nunca asistiu a un concerto de música galega na súa vida.
 - b) O rap é o xénero musical preferido dos adolescentes.
 - c) Entre a rapazada que merca música, a porcentaxe total que se decide por mercar música en inglés e galego non supera á porcentaxe que merca música en castelán.
3. Cal é a intención comunicativa predominante do texto?
 - a) Informar sobre o resultado dun estudo sobre o consumo de música en galego.
 - b) Expresar unha opinión persoal de maneira argumentada sobre o coñecemento da música en galego.
 - c) Persuadir a rapazada para que consuma música en galego.

B/ Aspectos lingüísticos

4. Cal é a segunda persoa de singular do presente de indicativo das seguintes formas verbais do texto: *consumir*, *investiu* e *vén*?
 - a) Consumes, invistes e vés, respectivamente.
 - b) Consomes, invistes e vés, respectivamente.
 - c) Consomes, invirtes e ves, respectivamente.
5. Cales son os plurais correctos de *especial*, *son* e *cun*?
 - a) Especiais, sons e cunhos.
 - b) Especiales, sóns e cuns.
 - c) Especiais, sons e cuns.
6. Cales son as expresións equivalentes a *alén* (líña 7) e a *Así mesmo* (líña 30)?
 - a) 'Aquén' e 'tamén', respectivamente.
 - b) 'Máis alá' e 'ademais', respectivamente.
 - c) 'Máis alá' e 'porén', respectivamente.
7. Cales son as palabras correctamente derivadas de *estudo*?
 - a) Estudar, estudante, estudoso.
 - b) Estudiar, estudante, estudioso.
 - c) Estudar, estudante, estudioso.

C/ Coñecementos literarios e contidos de "Lingua e sociedade"

8. Que nome reciben as cantigas medievais galego-portuguesas de carácter burlesco?
 - a) Cantigas de amor platónico.
 - b) Cantigas de amigo.
 - c) Cantigas de escarnio e maldicir.

9. Cales dos seguintes son autores do Rexurdimento?
 - a) Curros Enríquez, Lamas Carvajal e Castelao.
 - b) Eduardo Pondal, Curros Enríquez e Lamas Carvajal.
 - c) Eduardo Pondal, Rosalía de Castro e Manuel Rivas.

10. Identifique a opción constituída unicamente por algúns dos principais poetas da literatura galega do século XX.
 - a) Álvaro Cunqueiro, Manuel Antonio e Méndez Ferrín.
 - b) Castelao, Suso de Toro e Cabanillas.
 - c) Manuel Antonio, Rosalía de Castro e Luís Pimentel.

11. Indique a opción na que se explica correctamente o concepto de lingua propia, ao que se fai referencia no texto.
 - a) É a lingua que se fala nun determinado territorio.
 - b) É a lingua establecida historicamente nun territorio.
 - c) É a lingua que cada quen aprende na súa casa, a lingua materna.

12. O apoio por parte das administracións públicas, en canto á programación ou á difusión dos grupos e artistas que cantan en galego, podemos consideralo unha medida de...
 - a) Normativización lingüística.
 - b) Minorización lingüística.
 - c) Normalización lingüística.

Exercicio 2

Producción textual

O texto informa da pouca presenza da música en galego entre a mocidade. Explique de maneira razoada a importancia que tería unha maior presenza da música en galego para normalizar o uso desta lingua entre a mocidade, indicando tamén cal é a tendencia do uso do galego neste sector de idade. Achegue algunha idea para difundir a música feita en galego entre a rapazada. (Extensión: 80-100 palabras)

A resposta é libre. Resultaría conveniente que se fixese referencia á necesidade de fomentar o emprego do galego no sector etario que presenta o menor índice porcentual de uso deste idioma da sociedade actual, para frear o seu proceso de perda de falantes; sobre todo, tendo en conta que da súa conservación nas xeracións máis novas depende o seu futuro. Tamén sería conveniente que se aludise á necesidade de ofrecer nestas campañas de sensibilización modelos de uso do galego entre os principais referentes da mocidade e que se empreguen estratexias baseadas no estilo de vida das persoas máis novas para conseguir que estas identifiquen o galego como unha lingua útil, moderna e de prestixio, libre dos prexuízos que lastran o seu emprego neste sector social na actualidade.

Desde o punto de vista da expresión, valorarase a produción dun discurso correcto, claro, coherente, ben cohesionado e adecuado a un rexistro de lingua formal. Considerarase daquela positivamente a boa estrutura dos contidos, a intelixibilidade e adecuada progresión da argumentación, o manexo dos recursos de cohesión e a correcta selección do vocabulario; e penalizaranse os erros de lingua e o emprego de expresións coloquiais ou propias da oralidade.

Lingua Galega

Táboa de respostas do test

Marque cun X a letra da resposta que considere correcta:

TÁBOA DE RESPOTAS			
Nº	A	B	C
1			X
2	X		
3	X		
4		X	
5			X
6		X	
7	X		
8			X
9		X	
10	X		
11		X	
12			X

Preguntas tipo test	/ 6
Producción textual	/ 4
Total	/ 10